



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf.- A/S/C60-15

ANUNCIO

ASTO.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE COLABORACION NA XESTION TRIBUTARIA, CENSAL, INSPECTORA E RECADATORIA E NA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO DO CONCELLO DE BUEU.

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o **18 de xaneiro de 2016** adoptou entre outros o seguinte acordo:

“C) CONTRATACIÓN

2.- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACION NA XESTION TRIBUTARIA, CENSAL, INSPECTORA E RECADATORIA E NA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO DO CONCELLO DE BUEU.

1º.- Aprobar o gasto correspondente á anualidade 2016 polo importe estimado de 136.743,49.-€/anual que se corresponde co prezo máximo de cada anualidade (IVE ENGADIDO) consonte dispón o apartado anterior da parte resolutiva do presente acto administrativo, con cargo á aplicación orzamentaria 932.22708.01 dos orzamentos actualmente vixentes, comprometéndose a dotar adecuadamente as aplicacións que corresponden dos estados de gastos dos orzamentos do concello dos anos sucesivos para facer fronte ás obrigas derivadas do presente contrato.

2º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos na licitación nos termos que resultan dos antecedentes de feito que se relacionan na parte expositiva do presente acordo:

| IDENTIDADE | RESULTADO |
|--|-----------|
| SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL S.L (SCI)/CIF. B-96.067.400 Rpte. Legal: D. Pascual Seguí Bañuls/DNI. 73.907.843-B | ADMITIDA |
| GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A.U (GTT)/CIF. A-81957367 Rpte. Legal: Fernando Cañizares González /DNI. 50306387-M | ADMITIDA |

3º.- Adxudicar o contrato administrativo do "SERVIZO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSAL, INSPECTORA E RECADATORIA E NA XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO DO CONCELLO DE BUEU" a GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL, CIF núm. A81957367 e domicilio social en Avenida Miriam Blasco 1 bis (03016) ALICANTE, polo prazo inicial de dous (02) anos, prorrogable por dous períodos dun (01) ano cada un deles, e polo prezo estimado anual de 113.011,14.-€ , sen IVE, ao que será de aplicación o 21% de IVE (23.732,35.-€), o que supón un importe estimado total anual de 136.743,49.-€, IVE ENGADIDO.

O desglose do prezo estimado de adxudicación do contrato é o seguinte:

| CRITERIO | TIPO OFERTADO | PREVISION ANUAL (Sen IVE) | IVE (21%) | TOTAL ANUAL (IVE ENGADIDO) |
|-------------------|---------------|----------------------------|--------------|-----------------------------|
| VOLUNTARIA | 0,035 | 70.115,66.-€ | 14.724,29.-€ | 84.839,95.-€ |
| EXECUTIVA | 0,112 | 25.577,48.-€ | 5.371,27.-€ | 30.948,75.-€ |
| INSPECCION | 0,17 | 5.911,74.-€ | 1.241,47.-€ | 7.153,21.- € |
| CATASTRO | 40 € | 3.480.-€ | 730,80.-€ | 4.210,80.-€ |
| MULTAS | 0,15 | 7.926,26.-€ | 1.664,52.-€ | 9.590,78.- € |



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

| | | | | |
|---|--|----------------------|---------------------|----------------------|
| PREZO ESTIMADO DO CONTRATO (anual) | | 113.011,14.-€ | 23.732,35.-€ | 136.743,49.-€ |
|---|--|----------------------|---------------------|----------------------|

Os importes sinalados nos parágrafos anteriores son meramente estimativos, quedando o prezo do contrato definitivamente fixado en función da recadación obtida polos conceptos de ingreso para os que se precise a colaboración e os traballos de xestión catastral efectivamente realizados, consonte dispón os PCAP e os PPT, así coma os importes ofertados polo adxudicatario que son os seguintes:

- a.) Pola colaboración en RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRO E EN PERÍODO EXECUTIVO CANDO SE APLIQUE QUE ÚNICAMENTE O RECARGO EXECUTIVO DO 5 %: 3,5 % da recadación obtida por cada concepto.
- b.) Pola colaboración en PERÍODO EXECUTIVO DE COBRO NAQUELES CASOS EN QUE SE TEÑA NOTIFICADO A PROVIDENCIA DE APREMIO Y APLIQUEN OS RECARGOS DE APREMIO REDUCIDOS E ORDINARIO: 11,20 % da recaudación obtida, incluíndo o recargo de apremio e os intereses de demora.
- c.) Pola asistencia e colaboración en XESTIÓN CATASTRAL: Por cada unidade catastral e notificación: 40 €.
- d.) Pola colaboración en materia de INSPECCIÓN TRIBUTARIA: 17 % da recadación obtida
- e.) Pola colaboración en materia de XESTIÓN DE MULTAS DE TRÁFICO: 15 % da recadación obtida

O adxudicatario queda obrigado a executar o contrato de acordo co "PROXECTO DE TRABALLO XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DO SERVIZO contido no sobre A da súa proposición (RE 9471 de 16.11.2015).

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (RE núm. 9471 DE 16.11.2015) , as procedimentais sinaladas nos PCAP e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP, concretamente ao contido da cláusula XVII, e nos PPT aprobados pola Xunta de goberno local, na sesión ordinaria de 19.10.2015, que contén as prescricións técnicas da contratación de referencia e particularmente as seguintes:

- Consonte a cláusula XXIII do PCAP e o artigo 156.3 TRLCSP, o contrato que resulte non poderá formalizarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, dado que o contrato é susceptible de **RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN CONFORME Ó ARTIGO 40 TRLCSP.**

De conformidade co recollido no artigo 40 do TRLCSP procederá a interposición de recurso administrativo especial en materia de contratación contra os actos que se indican no mesmo artigo, e que en todo caso deberá interpoñerse con anterioridade o correspondente recurso contencioso administrativo, sen que proceda interposición de recurso potestativo de reposición. A interposición deste recurso suxeitarase ao disposto no artigo 44 do TRLCSP e presentarse no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 151.4.

Neste senso, o órgano competente requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo anterior sen interpoñerse o recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

A duración contractual deberá axustarse ao disposto nas cláusula II dos PCAP que dispón expresamente que: "O prazo de duración do contrato será de dous (02) anos estando previsto o seu inicio na data que se consigne no documento de formalización do contrato e que, en ningún caso, poderá exceder dun (01) mes dende o día seguinte á formalización do mesmo en documento administrativo. Neste senso, deberá terse en conta, tal e como dispón a cláusula XVII.1, que o inicio do servizo non poderá ser anterior ao 30.05.2016 toda vez que o contrato regulado nos presentes pregos trae causa do remate, o vindeiro 31 de maio de 2016, do contrato administrativo de servizo de colaboración na xestión tributaria, censal,



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

inspectora e recadatoria do concello de Bueu, formalizado entre o concello de Bueu e "SCI, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L." con data 30.05.2015, prorrogado ata o vindeiro 30.05.2016, mediante acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión ordinaria celebrada o 07.03.2014.

4º.- Ordear a publicación do correspondente anuncio de adxudicación no perfil do contratante da web municipal e no taboleiro de anuncios

5º.- Notificar a presente ás empresas licitadoras que concorreron no procedemento aberto de contratación, ao Tesoureiro municipal e ó adxunto á Tesourería como responsables do contrato que se adxudica e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos.

As **notificacións da adxudicación** ás licitadoras e persoa que resulta adxudicataria do contrato do servizo de referencia, **practicaranse mediante correo electrónico** de acordo co documento de **aceptación destes medios como válidos para a comunicacións/notificacións efectuadas polo concello que figura nas súas proposicións nos termos que resultan da cláusula 10.2.1.B dos PCAP** que habilita a efectuar a notificación da adxudicación por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos determinasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.

O que se publica en cumprimento da orde contida no acordo de referencia en base aos principios de publicidade que rexen na contratación do sector público e que resultan da regulación contida no TRLCSP.

En Bueu, a 22 de xaneiro de 2016

O Alcalde,
Félix Juncal Novas